

30 Mayo de 2016 - Revista 1075

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



xuventude.net

EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 6

BOLSAS E AXUDAS / 7

NOVAS DE EMPREGO / 8

EN PORTADA

Curso de Mediación educativa en conflitos xuvenis

Martes, 24 Maio 2016 11:25



No centro **Coordinador de información Xuvenil**, en Santiago de Compostela, estase a desenvolver o **curso de Mediación educativa en conflitos xuvenis**, organizado pola *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*.

A directora xeral de Xuventude fai entrega do premio da XXII edición do concurso Euroscola ao IES Plurilingüe Rosalía de Castro

Martes, 24 Maio 2016 14:13

- O equipo **Eurorosalía**, formado por 10 mozos e mozas de 4º da ESO e un profesor coordinador, recibiron como premio unha axuda económica para a súa participación na final de Euroscola, que terá lugar na sede en Estrasburgo (Francia) do Parlamento Europeo
- Os equipos participantes desenvolveron un blog para reflexionar cos mozos e mozas sobre o proceso de transformación de España a partir da súa integración na Unión Europea en 1986; promover o pensamento crítico, valorar o que alcanzamos e analizar os desafíos e retos que se formulan para o futuro



O **IES Plurilingüe Rosalía de Castro de Santiago** recibiu hoxe de mans da *directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez*, o premio que o acredita como o equipo gañador en Galicia da **XXII edición do concurso Euroscola**, unha iniciativa pedagóxica organizada pola *Oficina de Información do Parlamento Europeo en España*, en colaboración coa *Representación en España da Comisión Europea* e a *Secretaría do Estado para a Unión Europea*.

O **equipo Eurorosalía**, formado por 10 mozos e mozas de 4º da ESO e un profesor coordinador, recibiron como premio unha axuda económica para a súa participación na final de **Euroscola**, que terá lugar na sede en **Estrasburgo** (Francia) do **Parlamento Europeo** e unha mochila con material didáctico para cada un dos membros do equipo, así como material escolar e didáctico para o centro.

Esta edición do concurso **Galeuropa** estivo adicada aos 30 anos de España na Unión Europea (1986-2016). Os equipos participantes desenvolveron un blog para reflexionar cos mozos e mozas sobre o proceso de transformación de España a partir da súa integración na Unión Europea en 1986; promover o pensamento crítico, valorar o que alcanzamos e analizar os desafíos e retos que se formulan para o futuro.

Os obxectivos fundamentais desta iniciativa son os de fomentar o uso de internet e das novas tecnoloxías como ferramentas educativas; achegar a UE aos mozos e mozas, mellorando os seus coñecementos e implicación na construción de Europa; e fomentar a aprendizaxe das linguas europeas, fundamental para conseguir unha Europa unida; por iso, o concurso se desenvolve tamén en inglés.

O traballo gañador do equipo do **IES Rosalía** pódese ver no enlace <http://30anoseneuropa.iesrosalia.net/>

Un total de 20 mozos e mozas revalorizarán a fonte das catro estacións do parque do pasatempo no marco dun campo de traballo promovido pola dirección Xeral de Xuventude

Venres, 27 Maio 2016 11:36

- Os voluntarios realizarán unha valoración e diagnose do estado da fonte das catro estacións dos Xardíns do Pasatempo e redactarán un proxecto de restauración, con limpeza e consolidación preventiva da fonte
- A Consellería de Política Social organiza un total de 24 campos de traballo na comunidade galega nos meses de verán e ofrece aos mozos e mozas galegos 575 prazas para participar nos que se realizan en Galicia, no resto de España e noutros países
- Galicia é a comunidade de referencia na materia e o ano pasado organizou o 34% dos campos de traballo internacionais que se celebraron en toda España
- Esta actividade enmárcase na Campaña de Verán 2016, que oferta 9.046 prazas para albergues, campamentos e actividades de ocio e tempo libre para a mocidade e na que a Xunta de Galicia inviste 2,6 millóns de euros

A *directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez*, presentou esta mañá o **Campo de Traballo Internacional de Betanzos** que se celebrará na localidade entre o **15 e o 26 de xullo**. Este campo terá unha temática moi ligada a un dos maiores activos turísticos e culturais de Betanzos, como é o **Parque do Pasatempo**.

Os voluntarios realizarán unha valoración e diagnose do estado da fonte das catro estacións dos Xardíns do Pasatempo e redactarán un proxecto de restauración, con limpeza e consolidación preventiva da fonte, e levarán a cabo a limpeza e acondicionamento dos xardíns que a rodean, así como actividade de difusión e divulgación do proxecto.

Nesta iniciativa conxunta entre a *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado* e o *Concello de Betanzos*, participarán un total de 20 voluntarios de entre 18 e 30 anos, procedentes de Galicia, do resto de España e doutros países de todo o mundo.

Cecilia Vázquez destacou que “os proxectos de voluntariado xuvenil, como este campo de traballo, supoñen unha magnífica ferramenta de educación non formal para a nosa mocidade”. En concreto, os campos de traballo contribúen á difusión de valores como a participación, a solidariedade, o coñecemento do contorno e o traballo en equipo entre os participantes. Así mesmo, fomentan a mobilidade, pois ofrecen aos mozos e mozas a oportunidade de tomar parte en campos doutras Comunidades e países.

Son polo tanto recursos de gran valor xuvenil, nos que Galicia é a comunidade de referencia na materia. Cómpre destacar que o ano pasado Galicia organizou o 34% dos campos de traballo internacionais que se celebraron en toda España, segundo o balance realizado polo **Injuve**.

A *Consellería de Política Social* organiza un total de **24 campos de traballo** na comunidade galega nos meses de verán nos concellos coruñeses de *Outes, A Laracha, Ponteceso, Boqueixón, Rois, Betanzos, Curtis, Vedra, Ribeira e Coirós* e nos concellos ourensáns de *Celanova, Ourense, Muíños, Vilamarín e A Peroxa*. Así mesmo, celebráranse nos municipios lucenses de *Folgozo do Courel, Portomarín, Becerreá, Pantón, Quiroga e Xermade*, así como en localidades da provincia de Pontevedra como as *Illas Cíes* (4 quendas), *Cotobade* e *Vilanova de Arousa*.

Este ano os mozos e mozas galegos dispoñen de 575 prazas para participar nos **Campos de traballo**. Destas prazas, 120 son para Campos noutras comunidades autónomas, 250 para Campos en 34 países de Europa, Asia, África e América e 205 para Campos en Galicia. Con estes datos, Galicia é a comunidade española con máis prazas en campos de traballo.

Campaña de verán 2016

Cecilia Vázquez lembrou que os campos de traballo enmárcanse dentro da **Campaña de Verán 2016** que organiza a *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*. “Esta campaña é a máis inclusiva e importante dos últimos anos no que se refire a número de prazas ofertadas. En total, son 9.046 as prazas que se ofrecen, o que significa incrementar nun 6% as prazas dispoñibles no ano pasado”, explicou a directora xeral.

Ademais destes campos, a campaña de verán inclúe albergues, campamentos e actividades de ocio e tempo libre para a mocidade. A *Consellería de Política Social* destina un orzamento de 2,6 millóns de euros a esta campaña.

Cómpre destacar que, outro dos aspectos positivos da campaña está no impulso ao emprego que leva aparelhada. Grazas ao desenvolvemento destas actividades, as empresas de ocio e tempo libre de Galicia darán traballo a máis de 900 monitores/as e directores/as de campamentos.

Os interesados e interesadas nesta campaña, xa poden consultar toda a información relativa á mesma en <http://xuventude.xunta.es>

A Directora Xeral de Xuventude insiste na importancia da formación dos mozos e mozas de Galicia reforzando as súas competencias e fomentando o emprendemento

Sábado, 28 Maio 2016 18:21

- Na clausura do curso de xestión emocional do emprendemento 'Modelando os teus factores de éxito: a diferenza que fai diferenza'
- *Cecilia Vázquez* manifesta que “este curso fomenta o emprendemento dos mozos e mozas, fortalecendo a súa capacidade de convicción para atopar a cooperación e complicidade, para desenvolver as súas fortalezas, as súas capacidades e as actitudes que lle permitan afianzar as súas ilusións presentes e desenvolver as súas ideas para o futuro que desexan”



A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, *Cecilia Vázquez*, participou hoxe na clausura do curso de xestión emocional do emprendemento '**Modelando os teus factores de éxito: a diferenza que fai a diferenza**' que se celebrou onte e hoxe no **albergue xuvenil de Gandarío**. Neste curso participaron máis de 20 mozos e mozas de entre 18 e 30 anos e tivo por finalidade dotar á mocidade de ferramentas para desenvolver proxectos emprendedores, apostando pola educación non formal como medio para mellorar as competencias curriculares.

Cecilia Vázquez sinalou que con iniciativas deste tipo preténdese apoiar a formación da xuventude galega mediante a mellora da súa empregabilidade, reforzando as competencias clave, favorecendo a adquisición de novos coñecementos, habilidades, capacidades e cualificacións para fomentar o emprendemento.

A titular do departamento autonómico manifestou que “este curso fomenta o emprendemento dos mozos e mozas, fortalecendo a súa capacidade de convicción para atopar a cooperación e complicidade, para desenvolver as súas fortalezas, as súas capacidades e as actitudes que lle permitan afianzar as súas ilusións presentes e desenvolver as súas ideas para o futuro que desexan”.

Esta iniciativa enmárcase no apoio que está a prestar a Xunta na difusión dos valores do emprendemento, na confianza e no estímulo á xuventude como capital de futuro, tal e como se recolle no marco do **Plan Estratégico de Xuventude de Galicia 2014-2016**, que ten no fomento da creatividade e do espírito emprendedor un dos seus eixos prioritarios de actuación.

Cecilia Vázquez lembra na xuntanza de Cruz Vermella da Coruña que segue aberto o prazo de solicitude das subvencións para entidades inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia

Luns, 30 Maio 2016 07:00

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, participou hoxe en Ordes na **xuntanza provincial da Cruz Vermella da Coruña**. No acto, Cecilia Vázquez recordou que está aberto o prazo para que as asociacións participen na nova orde de subvencións dirixidas a entidades inscritas no *Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia* para o fomento e realización de actividades de voluntariado durante 2016.

Estas axudas, que se outorgan en réxime de concorrencia competitiva, contan cun orzamento de 145.245 euros e permitirán subvencionar programas e actuacións nas áreas de sensibilización, que inclúe xornadas, campañas e estudos; e de formación e coordinación para fomentar o traballo en rede das entidades. Esta nova orde, xunto coa do *Servizo de Voluntariado Xuvenil*, supoñen un investimento de máis de 500.000 euros no soporte das actividades das entidades de acción voluntaria, un 5% máis que en 2015.

Os conceptos subvencionables dos proxectos de voluntariado que se acollan a esta orde serán os gastos correntes das actividades dos proxectos, a contratación de persoal técnico, a adquisición de material funxible, os servizos de comunicacións e os seguros de responsabilidade civil e de accidentes das persoas voluntarias.

A contía máxima de axuda por proxecto será de 4.000 euros e non poderán exceder do 75% do orzamento total. Co fin de que a falta de financiamento non sexa impedimento para levar a cabo os proxectos, a orde tamén contempla a posibilidade de realizar pagamentos anticipados de ata o 80% da axuda. O **prazo** de presentación de solicitudes é dun mes e os criterios de valoración serán a coherencia xeral do proxecto, a súa viabilidade e sustentabilidade, a innovación e o emprego da lingua galega.

EN PORTADA → NOVAS E ACTIVIDADES

Axudas a entidades locais para promover o emprego e o emprendemento xuvenil

Martes, 24 Maio 2016 05:43



O "Instituto de la Juventud" (INJUVE) e a **Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP)**, subvencionará actuacións dirixidas a promover o emprego e o emprendemento xuvenil mediante o desenvolvemento de programas que inclúan actividades que fomenten as oportunidades de emprego, autoemprego e iniciativas empresariais para os e as mozas no ámbito local, en especial as destinadas a:

Orientación profesional e sociolaboral para mozas e mozos.

Asesoramento para a posta en práctica de ideas emprendedoras e proxectos empresariais para mocidade.

Educación, formación e capacitación para o desenvolvemento profesional e o emprendemento xuvenil.

Prazo de presentación de solicitudes: ata o 20 de xuño de 2016, ambos inclusive.

As **Entidades Locais** que concorran a esta convocatoria deberán cumprimentar o formulario que a FEMP puxo á súa disposición e que terán que remitir, xunto co proxecto ou programa de actuación, á Secretaría da Comisión de Deportes, Mocidade e Lecer desta Federación. A **ficha de solicitude**, coa denominación de Anexo I, atópase publicada en www.femp.es

Máis información:

FEMP
Teléfono: 913 643 700
convocatoria.juventud@femp.es
<http://www.femp.es/>

Avaliación previa á contratación de profesorado polas universidades de Galicia

Martes, 24 Maio 2016 06:25



A **Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACUSG)** fai unha convocatoria para a presentación de solicitudes por parte dos interesados que desexen obter a avaliación para poderen ser contratados como persoal docente e investigador por algunha das universidades integrantes do **Sistema universitario de Galicia (SUG)**, como profesorado contratado doutor, de universidade privada e axudante doutor.

Destinatarios:

Poderán presentar a súa solicitude todas aquelas persoas que posúan o título de doutor

O **prazo** para presentar as solicitudes estará aberto ata o **23 de xuño de 2016**.

As solicitudes están dispoñibles en www.acsug.es e en <https://sede.xunta.es/> co procedemento **ED702B**

Máis información no DOG do 24 de maio de 2016 e en <http://www.acsug.es/>

Curso de Mediación Educativa en Conflictos Xuvenís. 2ª edición

Martes, 24 Maio 2016 14:53



Curso gratuito de Mediación Educativa en Conflictos Xuvenís 2016 - 2ª Edición

Obxectivo: Facilitar o coñecemento e análise dos elementos necesarios para identificar e previr os factores que inflúen na orixe e desenvolvemento dos conflitos xuvenís.

Destinatarios/as: Persoal da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, mocidade de 18 a 30 anos e outras persoas interesadas na temática do curso.

Criterios de selección.

A admisión ao curso virá dada pola orde de presentación das solicitudes de inscrición e coas prioridades que a continuación se especifican:

- 1º- Solicitantes que non acadaron praza na anterior convocatoria do 04/05/2016.
- 2º- Persoal da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil e mocidade de 18 a 30 anos.
- 3º- Resto dos solicitantes.

Número de horas: 25 (4 horas presenciais e 21 a distancia).

Número de prazas: 30.

Contidos:

- O conflito como proceso e oportunidade para o cambio
- Educación para a convivencia e prevención de conflitos
- Comprender e analizar as situacións de conflito
- A mediación educativa como estratexia na abordaxe de conflitos
- Proxectos de mediación no ámbito educativo
- Modalidade: Semipresencial.

Sesión Presencial: Martes 14 de xuño de 10.00 a 14.00 horas.

Centro de impartición: Centro Coordinador de Información Xuvenil en Santiago de Compostela.

Data de inscrición: Do 25 de maio ao 8 de xuño de 2016.

Data prevista de realización: Do 14 de xuño ao 14 de xullo de 2016.

Información.


Centro Coordinador de Información Xuvenil

Telefono: 881 997 604 / 881 997 607

Correo electrónico para información xeral: informacion.xuventude@xunta.es

Aloxamento para estudantes para o curso 2016/2017

Mercres, 25 Maio 2016 08:47



A **Universidade de Vigo** e a de **Santiago de Compostela** convocan as prazas de aloxamento nas súas residencias para o curso 2016/2017.

Lembra que as **prazas das residencias de Xuventude** poden solicitarse ata o **27 de maio**.

Aquí podes ver as prazas dispoñibles: Aloxamento para estudantes.

Charla informativa sobre mobilidade europea

Mercres, 25 Maio 2016 11:27

A **Asociación Cultural Integra** impartirá unha charla informativa sobre os programas de mobilidade europea para os mozo/as interesados en traballar en países da **Unión Europea** e vivir unha experiencia intercultural.

Inscricións: ata completar prazas (confirmar asistencia mediante correo electrónico ou teléfono)



Data: mércores 8 de xuño

Horario: 17.00

Prezo: gratuíto

Requisitos: mozos/as menores de 30 anos

Lugar de realización: Fórum Metropolitano

Contacto:

Asociación Cultural Integra

C/Adelaida Muro, 1B-Baixo A

15002 A Coruña

Teléfono: 981 005 194

Email: marketing@integracoruna.com / mundusintegracultural@gmail.com

<http://www.integracoruna.com/>

Intercambio internacional 'Empty your mind to fill it with creativity'

Luns, 30 Maio 2016 11:21



A *Oficina Municipal de Información Xuvenil de Ribadavia* consegue financiamento do **programa Europeo "Erasmus+"** a través da "*Dirección Xeral de Xuventude*" para desenvolver un Intercambio Internacional que se desenvolverá en Ribadavia entre os días **1 ao 9 de agosto de 2016**.

Buscan 5 participantes da **Comarca do Ribeiro**, para participar de forma totalmente gratuíta das actividades que se desenvolverán durante este proxecto e que permitirán intercambiar experiencias con grupos de 5 persoas (25 en total) dos diferentes países participantes (Letonia, Italia, Portugal e Eslovenia).

O aloxamento e a manutención estará finaciado na súa totalidade polo **programa Europeo Erasmus+**.

Neste intercambio, queren promover o desenvolvemento persoal a través da meditación, a atención e a escritura creativa como pensamos que miran dentro de uno mesmo e permiten despexar a mente, co fin de centrarse no logro das metas para desenvolver unha actitude comprometida. O seu obxectivo é potenciar as habilidades persoais de traballo, así como a capacidade de traballo colectivo por conseguir inspirarnos os uns aos outros e colaborar entre nós.

Máis información na OMIX de Ribadavia

Casa da Xuventude, Rúa Porta Nova de abaixo 9

32400 Ribadavia (Ourense)

Teléfono: 988 471 929

<http://www.omixribadavia.wordpress.com/>

<https://www.facebook.com/OmixRibadavia>

NOVAS FORMACION

CURSOS DE TEMPO LIBRE

Curso de Monitor/a de actividades de tempo libre en Lugo

Xoves, 26 Maio 2016 11:44



Bugallo escola de tempo libre convoca un **curso de Monitor/a de actividades de tempo libre en Lugo**

Datas: do 26 de xullo ao 14 de agosto

Horario: de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00 horas de luns a domingo

Lugar: Rúa San Roque 4, baixo. Lugo

Máis información en Bugallo escola de tempo libre.

Teléfono: 982 80 4773

BOLSAS E AXUDAS CONVOCATORIA XERAL

Convocatoria de dúas bolsas para a axuda no proceso de xestión da calidade docente da Fac. de CC. da Educación

Xoves, 26 Maio 2016 09:10

Con data do **23 de maio de 2016** publicouse a **Resolución Reitoral** pola que se convocan dúas bolsas para a axuda no proceso de xestión da calidade docente da **Facultade de Ciencias da Educación do Campus de Ourense**.

As bolsas solicitaranse no modelo oficial ata o día **6 de xuño de 2016**, presentando a documentación requirida nos rexistros da **Universidade de Vigo** ou en calquera outro dos lugares previstos na Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

BOLSAS E AXUDAS FORMACION PRACTICA

Bolsas para a formación de expertos/as en cooperación internacional para o desenvolvemento

Mercores, 25 Maio 2016 06:47



A **Xunta de Galicia** convoca **seis bolsas para a formación de expertos/as en cooperación internacional para o desenvolvemento**.

Os destinos das bolsas serán en *Santiago de Compostela*, na sede da *Dirección Xeral de Relacións Exteriores* e coa *Unión Europea* ou no exterior, nas unidades de cooperación no exterior (UCE) da *Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento*.

Requisitos:

- a) Ter veciñanza administrativa en Galicia.
- b) Nacer o 1 de xaneiro de 1985 ou con posterioridade a esa data.

c) Estar en posesión dun título universitario de licenciado/a, diplomado/a, grao ou equivalente ou acreditar o pagamento dos dereitos para a súa expedición, ao remate do prazo de presentación de solicitudes.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **25 de xuño de 2016**.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento **PR809A**

Máis información no DOG do 25 de maio de 2016 e en <http://www.cooperaciongalega.org/>

Bolsas na Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia

Mercores, 25 Maio 2016 07:35



A **Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia** convoca **20 bolsas para a realización de actividades de formación, información e divulgación** relacionadas co ámbito da súa actuación.

A contía destas bolsas por beneficiario será de 1.100 € mensuais.

Requisitos:

Estar en posesión de titulación universitaria superior (enxeñaría, licenciatura, grao ou equivalente) nos campos do Dereito, a Economía, a Empresa, ou en áreas de ciencia e tecnoloxía especificamente relacionadas cos sectores económicos supervisados pola CNMC. A titulación debeu ser obtida no

ano 2013 ou en anos posteriores.

Coñecementos de inglés. **Valorarase coñecementos de francés e alemán.**


O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **11 de xuño de 2016**.

Máis información no BOE do 25 de maio de 2016 e en <http://www.cnmc.es/>

Axudas para a aula de Verán «Ortega e Gasset» para bacharelato e ciclos formativos

Xoves, 26 Maio 2016 07:00

A **Universidade Internacional Menéndez Pelayo** convoca **100 axudas** para participar na **aula de Verán «Ortega e Gasset»**, que se celebrará no **Palacio da Madalena de Santander** do **21 ao 26 de agosto de 2016**.



A aula de verán "**Ortega e Gasset**" ofrece unha panorámica da situación dos ensinos universitarios en España en diferentes campos do coñecemento, mediante leccións e conferencias impartidas por académicos e profesionais destacados.

Beneficiarios.

Poderán solicitar as axudas obxecto desta convocatoria os estudantes que:

- a) finalizasen o último curso do bacharelato ou do ciclo formativo de grao superior de formación profesional no ano 2016; e
- b) acrediten unha nota media igual ou superior a 9,60 puntos sobre 10 nos dous cursos do bacharelato ou do correspondente ciclo formativo de grao superior de formación profesional.

Aos estudantes seleccionados a **UIMP** cubriralles os gastos correspondentes ao seu aloxamento e manutención, en réxime de pensión completa e habitación dobre durante as datas de celebración da aula, o desprazamento dos asistentes desde o seu punto de orixe ata Santander e regreso, cun máximo de 200 euros para os desprazamentos dentro da Península; de 300 euros para os alumnos procedentes das *Comunidades Autónomas das Illes Balears e de Canarias e das Cidades de Ceuta e Melilla*; e de 600 euros para os alumnos procedentes dos centros docentes de titularidade pública española no estranxeiro. Así mesmo cubriranse os gastos polos traslados, entradas a monumentos, museos, etcétera, derivados das actividades culturais previstas no programa.

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o **13 de xullo de 2016**.

Máis información no BOE do 26 de maio (sección anuncios) e en <http://www.uimp.es/>

Bolsas de formación na Axencia Española de Consumo

Luns, 30 Maio 2016 06:39



A **Axencia Española de Consumo** convoca **tres bolsas para a formación práctica de titulados superiores en materia de consumo**, no **Consello de Consumidores e Usuarios**.

O importe de cada unha das bolsas de 884,16 euros brutos mensuais. A duración das bolsas será dun ano.

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o **22 de xuño de 2016**

Máis información no BOE do 30 de maio de 2016 e en <http://www.consumo-ccu.es/formacion.asp>

BOLSAS E AXUDAS ➔ OUTRAS

Axudas á contratación e mellora do emprego da mocidade viguesa

Luns, 30 Maio 2016 07:37



O **Concello de Vigo** convoca os seguintes **programas de axudas**:

a) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos) que comprenderá a transformación en indefinidos dos contratos xa formalizados xunto coas súas prórrogas, de ser o caso, en calquera das modalidades contractuais vixentes no período comprendido desde o 1 de xaneiro ata o 31 de xullo de 2016 realizados a persoas traballadoras menores de 30 anos, empadroadas no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo.

b) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións), que comprenderá a contratación por conta allea de persoas traballadoras menores de 30 anos desempregadas, inscritas como demandantes de emprego na correspondente oficina do *Servizo Público de Emprego*, empadroadas en Vigo, para prestar servizos no mesmo, e que accedan ao seu primeiro emprego ou a súa experiencia laboral sexa inferior a 365 días.

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o **10 de agosto de 2016**.

Máis información no BOP de Pontevedra do 27 de maio de 2016 e en <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=es>

NOVAS DE EMPREGO ➔ EMPREGO PUBLICO

Socorrista acuático para o Concello de Monfero

Mercores, 25 Maio 2016 09:51

O **Concello de Monfero** necesita contratar **un/ha socorrista acuático**.

Requisitos:

Estar inscrito no **Rexistro de Socorristas da Comunidade Autónoma de Galicia** (Sección Socorrismo Instalacións Acuáticas)

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **1 de xuño de 2016**.

Máis información no BOP da Coruña do 24 de maio de 2016.

Bolsa de emprego de auxiliares de axuda no fogar no Páramo

Mercores, 25 Maio 2016 09:54

O Concello do Páramo está a elaborar unha bolsa de emprego para a contratación temporal de **auxiliares de axuda no fogar**.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **9 de xuño de 2016**.

Máis información no BOP de Lugo do 25 de maio de 2016 e en www.concellodeparamo.es

Oficial de Primeira para o Concello de Burela

Mercores, 25 Maio 2016 09:58

O Concello de Burela necesita contratar **un/ha Oficial Primeira para a Área de mantemento e servizo**.

Requisitos: Estar en posesión do permiso de conducir clase B.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **3 de xuño de 2016**.

Máis información no BOP de Lugo do 24 de maio de 2016 e en <http://burela.sedelectronica.es>

Operarias/os de servizos varios en Arzúa

Xoves, 26 Maio 2016 06:43

O Concello de Arzúa necesita contratar tres persoas operarias de servizos varios.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **7 de xuño de 2016**.

Máis información no DOG do 26 de maio de 2016.

Prazas no Concello de Bande

Xoves, 26 Maio 2016 07:20

O Concello de Bande fai unha convocatoria para contratar e elaborar unha lista de contratación nas seguintes prazas:

Brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais (por cada brigada: 1 xefe de brigada, 1 peóns-condutores, 2, 3 ou 4 peóns de brigada).

Brigadas de actuacións múltiples en obras e servizos de competencia municipal e de carácter medioambiental.

Actividades dirixidas á xuventude.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o **3 de xuño de 2016**.

Servizo de axuda no fogar e atención a dependentes.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o **2 de xuño de 2016**.

Máis información no BOP de Ourense do 26 de maio de 2016 e en <http://www.concellobande.com/>

Socorrista para a piscina municipal de Rairiz de Veiga

Xoves, 26 Maio 2016 07:24

O Concello de Rairiz de Veiga necesita contratar un/ha socorrista para a piscina municipal.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o **31 de maio de 2016**.

Máis información no BOP de Ourense do 26 de maio de 2016.

Chofer de tractor e peóns para Vereá

Xoves, 26 Maio 2016 07:27

O Concello de Vereá necesita contratar **1 chofer de tractor rozadora e outra maquinaria similar e 4 peóns**.

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o **31 de maio de 2016**.

Máis información no BOP de Ourense do 26 de maio de 2016.

Convocadas 4 prazas temporais na Deputación de Pontevedra

Xoves, 26 Maio 2016 09:08

Os postos son: xornalista web, técnico en documentación, técnico de relacións públicas e auxiliar técnico informático, e son para o programa "Actualización da páxina web e inclusión de social media".

Son convocadas polo sistema de concurso-oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes son de **20 días** contados a partir da publicación o **25 de maio** na páxina www.boppo.depo.es

Convocadas 7 prazas temporais monitores e limpadora no Concello de Meaño (Pontevedra)

Xoves, 26 Maio 2016 09:08

As **prazas convocadas son:** 5 de monitores/as de tempo libre, 1 de coidador/a de campamento de verán e 1 de operario/a limpadora/or piscina municipal.

O **prazo** de presentación de solicitudes será de **10 días** desde a publicación deste anuncio na páxina www.boppo.depo.es do **25 de maio**.

Convocadas 5 prazas temporais de operario da Axencia de Portos e Andalucía

Xoves, 26 Maio 2016 09:11

As prazas son de persoal laboral temporal de **Aparcamiento de Rota** (Cadiz).

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **7 de xuño**.

Máis información BOJA do 25 de maio.

Convocadas 125 prazas de inspector do corpo Nacional de Policía

Xoves, 26 Maio 2016 09:12

O **Ministerio do Interior**, convoca estas prazas polo sistema de oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **14 de xuño**. **Máis información BOE do 25 de maio.**

<http://boe.es/boe/dias/2016/05/25/pdfs/BOE-A-2016-4962.pdf>

Bolsa de emprego do Concello de Sandiás

Venres, 27 Maio 2016 07:21

O **Concello de Sandiás** está elaborar unha bolsa de emprego para persoas que realicen o servizo **Auxiliar de axuda no fogar**.

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o **1 de xuño de 2016**.

Máis información no BOP de Ourense do 27 de maio de 2016.

Persoal para o Concello de Sandiás

Venres, 27 Maio 2016 07:50

O **Concello de Sandiás** necesita contratar dúas persoas auxiliares para atención da **Biblioteca e da Casa da Lago**.

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o **6 de xuño de 2016**.

Máis información no BOP de Ourense do 27 de maio de 2016.

Praza de Secretaria-Intervención para o Concello de Viana do Bolo

Venres, 27 Maio 2016 07:54

O **Concello de Viana do Bolo** necesita cubrir a praza de **Secretaría-Intervención**

Requisitos:

Título de licenciado/a en Dereito, Ciencias Políticas e da Administración, Socioloxía, Administración e Dirección de Empresas, Economía, licenciado en Ciencias Actuarias e Financeiras ou equivalente.

Estar en posesión da certificación de aptitude do curso da lingua galega Celga 4 ou equivalente.

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o **16 de xuño de 2016**.

Máis información no BOP de Ourense do 27 de maio de 2016 e en <http://www.vianadobolo.es/>

Auxiliar de axuda no fogar en Vilamarín

Venres, 27 Maio 2016 07:58

O **Concello de Vilamarín** necesita contratar **un/unha auxiliar de axuda no fogar**.

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o **1 de xuño de 2016**.

Máis información no BOP de Ourense do 27 de maio de 2016.

Persoal e bolsa de emprego en O Corgo

Venres, 27 Maio 2016 08:03

O **Concello do Corgo** necesita contratar o seguinte persoal e elaborar unha bolsa de emprego:

1. Unha brigada de incendios, cos seguintes postos: 1 xefe de brigada, 1 peón conductor e 4 peóns de brigada.
2. Unha brigada de tratamentos preventivos con tractor con desbrozadora: 2 conductores tractor-desbrozadora e 2 Peones forestais de apoio ao tractor.

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o **8 de xuño de 2016**.

Mestres de programación AFD-2016 en Culleredo

Luns, 30 Maio 2016 07:02

O **Concello de Culleredo** necesita contratar mestres de **programación AFD-2016**.

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o **4 de xuño de 2016**.

Máis información no BOP da Coruña do 30 de maio de 2016 e en <http://www.culleredo.es/node/5582>

Persoal de limpeza para o Concello de Porqueira

Luns, 30 Maio 2016 07:06

O **Concello de Porqueira**, necesita contratar o seguinte persoal:

operarios/as para o servizo de limpeza e mantemento

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o **4 de xuño de 2016**.

Máis información no BOP de Ourense do 30 de maio de 2016.

Persoal para o Concello de Baltar

Luns, 30 Maio 2016 07:07

O **Concello de Baltar**, necesita contratar o seguinte persoal:

dous peóns forestais

tres peóns de construción

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o **4 de xuño de 2016**.

Máis información no BOP de Ourense do 30 de maio de 2016.

Socorristas para o Concello de Maceda

Luns, 30 Maio 2016 07:10

O **Concello de Maceda**, necesita cubrir **dúas prazas de Socorristas**

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o **3 de xuño de 2016**. **Máis información no BOP de Ourense do 28 de maio de 2016**.

Técnico medioambiental no Concello da Fonsagrada

Luns, 30 Maio 2016 07:16

O **Concello da Fonsagrada** necesita contratar **un/ha técnico medioambiental**.

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o **10 de xuño de 2016**. **Máis información no BOP de Lugo do 30 de maio de 2016**.

Técnico de información turística na oficina de turismo de Tui

Luns, 30 Maio 2016 07:30

O **Concello de Tui** necesita contratar **un/ha técnico medio** para a realización de tarefas de información turística na oficina de turismo de Tui.

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o **4 de xuño de 2016**. **Máis información no BOP de Pontevedra do 27 de maio de 2016**.

Convocadas 4 prazas de técnico de xardín de infancia no Concello de Don Benito (Badajoz)

Luns, 30 Maio 2016 08:22

As prazas son convocadas polo sistema de concurso-oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE o **27 de maio**.

Máis información www.boe.es

Convocadas 5 prazas de bombeiro-condutor no Concello de Ávila

Luns, 30 Maio 2016 08:23

As prazas son convocadas, polo sistema de oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 27 de maio. www.boe.es

Convocadas 6 prazas de bombeiro-condutor no Concello de Segovia

Luns, 30 Maio 2016 08:23

As prazas son convocadas, polo sistema de concurso-oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 27 de maio. www.boe.es

Convocadas 4 prazas de persoal laboral no Concello de Toledo

Luns, 30 Maio 2016 08:24

As prazas son: **2 de oficial de carpintería e 2 de técnico** (de informática e de zoas verdes).

Son convocadas polo sistema de oposición e concurso-oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 27 de maio. www.boe.es

Convocadas 6 prazas de policía local no Concello de Arrecife (Las Palmas)

Luns, 30 Maio 2016 08:24

As prazas son convocadas polo sistema de oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 27 de maio. www.boe.es

Convocadas 17 prazas de facultativos/as de Sanidade Penitenciaria

Luns, 30 Maio 2016 08:25

O **Ministerio de Interior**, convoca estas prazas, polo sistema de oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 30 de maio. www.boe.es

Convocadas 27 prazas de Técnicos de Xestión de Emprego e arquitectos técnicos en Aragón

Luns, 30 Maio 2016 08:25

A **Comunidade Autónoma de Aragón**, convoca **23 prazas de técnicos de xestión de emprego e 4 de arquitectos técnicos**, polo sistema de oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **20 de xuño**.

Máis información BOA do 27 de maio.

<http://www.boa.aragon.es/cgi-bin/EBOA/BRSCGI?CMD=VEROBJ&MLKOB=909695844242>

Convocada 1 praza temporal de Doutor enxeñeiro/a de Camiños, Canais e Portos na UDC

Luns, 30 Maio 2016 08:26

A **Universidade da Coruña**, convoca esta praza (15 meses), como **colaborador en proxectos de investigación**.

Máis información www.udc.es

https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2016/000351/document?logicalId=6eaf8fd8-9a2b-4e83-bd75-2872443d12a4&documentCsv=G07R3JPTFTPN9HANT51T2BGG

Convocadas praza temporal de técnico de información turística no Concello de Tui (Pontevedra)

Luns, 30 Maio 2016 08:27

As bases da convocatoria están na páxina www.concellotui.org.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **7 días hábiles** a partir do seguinte da publicación o **27 de maio** na páxina www.boppo.depo.es

Convocadas 2 prazas temporais de técnicos de turismo no Concello de Oia (Pontevedra)

Luns, 30 Maio 2016 08:27

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **5 días hábiles**, contados a partir da publicación na páxina www.boppo.depo.es o **30 de maio**.

[\(http://oia.sedelectronica.es/board/9753e838-f59b-11de-b600-00237da12c6a/\)](http://oia.sedelectronica.es/board/9753e838-f59b-11de-b600-00237da12c6a/)

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PRIVADO

Docente de programa de creación de APPs Xamarin

Xoves, 26 Maio 2016 09:13

Localidade: Santiago

Funcións: Formación in company

Requisitos: Enxeñeiro informático.

Tipo de contrato: 15 días/15 hora/ 40€ hora

Mais información: <http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1836/docente-de-programa-de-creacion-de-apps-xamarin>

Carpinteiro/a metálica en Culleredo

Xoves, 26 Maio 2016 09:14

Funcións de soldadura TIG, e pulido de chapa fina de aceiro inoxidable.

Máis información: <http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1835/carpinteiroa-metalica>

Cociñeiro/a en Santiago

Xoves, 26 Maio 2016 09:15

Máis información: <http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1834/cocineiroa>

Camareiro/A en Santiago

Xoves, 26 Maio 2016 09:15

Máis información: <http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1833/camareiroa>

Técnico de automatismos en Vigo

Xoves, 26 Maio 2016 09:16

Máis información: <http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1832/tecnico-de-automatismos>

Maquinista para imprenta Santiago

Xoves, 26 Maio 2016 09:17

Máis información: <http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1831/maquinista-para-imprenta>

Técnico/a aplicador en Santiago

Xoves, 26 Maio 2016 09:17

Máis información: <http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1830/tecnicoa-aplicador>

Mecánico de automoción na Coruña

Xoves, 26 Maio 2016 09:18

Máis información: <http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1829/mecanico-de-automocion>

Esteticista en Ordes- Sigueiro (A Coruña)

Xoves, 26 Maio 2016 09:19

Máis información: <http://axenciallocaldecolocacion.org/ofertas/1828/esteticista>

2 prazas de limpador/a en Santiago

Xoves, 26 Maio 2016 09:19

Máis información: <http://axenciallocaldecolocacion.org/ofertas/1827/limpadora>

2 prazas operario limpeza industrial en Santiago

Xoves, 26 Maio 2016 09:20

Máis información: https://correoweb.xunta.es/owa/redir.aspx?SURL=zRcYjmenBmAFEIBmKyf6_1IFQZ3p4hPVm4tfuVYnvvquhYSbQIXTCGgAdABOAHAAOgAvAC8AYQB4AGUAbgBjAGkAYQBAG8AYwBhAGwAZABIAGMAbwBsAG8AYwBhAGMAaQBvAG4ALgBvAHIAZwAvAG8AZg-BIAHIAAdABhAHMALwAxADgAMgA2AC8AbwBwAGUAcgBhAHIAaQBvAC0AbABpAG0AcABIAHoAYQAtAGkAbgBkAHUAcwBOAHIAaQBhAGwA&URL=http%3a%2f%2faxenciallocaldecolocacion.org%2fofertas%2f1826%2foperario-limpeza-industrial

1 praza de auxiliar de fogar en Santiago

Xoves, 26 Maio 2016 09:20

Máis información: <http://axenciallocaldecolocacion.org/ofertas/1824/auxiliar-do-fogar>

1 praza de cociñeiro/a en Santiago

Xoves, 26 Maio 2016 09:21

Máis información: <http://axenciallocaldecolocacion.org/ofertas/1823/cocineira>

3 prazas de técnico de soporte en Santiago

Xoves, 26 Maio 2016 09:22

Máis información: <http://axenciallocaldecolocacion.org/ofertas/1822/tecnico-de-soporte-3-postos>

1 praza de xestor de clientes en Santiago

Xoves, 26 Maio 2016 09:28

Máis información: <http://axenciallocaldecolocacion.org/ofertas/1822/tecnico-de-soporte-3-postos>

1 praza técnico de mantemento A Coruña

Xoves, 26 Maio 2016 09:29

Máis información: <http://axenciallocaldecolocacion.org/ofertas/1818/enxeneiro-tecnico-de-mantemento>

2 postos Albaneis oficiais 1ª en Santiago

Xoves, 26 Maio 2016 09:29

Máis información: <http://axenciallocaldecolocacion.org/ofertas/1817/albaneis-oficiais-1>

1 posto Electromecánico/a Alvedro

Xoves, 26 Maio 2016 09:30

Máis información: <http://axenciallocaldecolocacion.org/ofertas/1816/electromecanicoa>

1 posto contable-fiscal en Pontevedra

Xoves, 26 Maio 2016 09:31

Máis información: <http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1814/contable-fiscal>

1 posto auxiliar de mantemento en Santiago

Xoves, 26 Maio 2016 09:31

Máis información: <http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1813/auxiliar-de-mantemento>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL
Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado



xuventude.net